

VIERNES, 23 de febrero de 2007

REPORTAJE: A FRONTEIRA INTERIOR | LUCES

Cando a periferia da periferia tamén se move

Hai máis de dez anos que o movemento bravú nacía na vila de Chantada e axitaba as quietas augas da cultura musical galega

DANIEL SALGADO | 23 FEB 2007

"O movemento bravú serviu, polo menos, para pór en contacto xentes que adoraban a Mano Negra pero que non coñecían a uns veciños que tocaban nun grupo na aldea do lado música inspirada pola banda de Manu Chao", xustifica Xurxo Souto, ideólogo d'Os Diplomáticos de Monte-Alto. Hai exactamente dez anos aparecía na rúa o primeiro número da revista *Bravú* -"a publicación que sae cando a situación o require"-, integramente dedicada a reivindicar unha selección galega de fútbol. Comezaba o devalo e fase final dunha corrente cultural que nacera no cerne de Galicia en 1994.

"O primeiro congreso do bravú, onde lle dimos nome, foi nunha parrillada de Chantada que se chamaba *El caballero de Diana*", lembra Souto, "pero os da zona dicíanlle *O Sistema*, porque o propietario explicaba aos clientes a dieta: 'o sistema é cocido no inverno e churrasco no verán'. Corría o inverno e os asistentes pegáronlle ao cocido. A vila de Chantada seguramente é o lugar que máis se achegue ao título de epicentro do Bravú. Naqueles tempos, un rapaz de Monterroso, a 25 kilómetros de distancia, que tiraba uns cartos da quiniela podía gastalos nunhas vacacións dun mes en Chantada. "En Chantada naceran Os Rastros, que c'Os Impresentables de Vimianzo e nós, da Coruña, acendimo o tema bravú", realata a voz d'Os Diplomáticos.



Segundo o *Diccionario Xerais da Lingua*, "bravú" significa, entre outras cousas, "cheiro característico de certos animais do monte e dalgúns domésticos coma o carneiro ou o castrón". No entanto, o bravú non resultou un movemento exactamente rural. A contorna vilega e os barrios das cidades acolleron as hordas de rapaces que, a medio camiño entre o punk e canción protesta dos 70, decidiron que a lingua galega servía coma calquera outra para facer *rock and roll*. Para o responsábel do selo dixital A Regueifa, Noel Feáns, "o bravú foi o que normalizou dunha vez por todas a lingua na música". "Debemos estar orgullosos do bravú como un vasco está do *rock radical* ou un alemán do *krautrock*", non dubida.

A ollada do crítico e xornalista Iago Martínez amósase, porén, contraria ao revisionismo positivo do movemento. "O bravú", opina, "foi unha nova volta de rosca á idealización da cultura rural en Galicia, que excluía o urbano, e tivo pretensións totalizadoras de se estender tamén á literatura". "O bravú fabricou unha imaxe do país esencialmente reaccionario", di. Martínez puntualiza: "Talvez o único positivo do bravú resultou o seu sentido lúdico e a constatación de que se podía facer música aquí para consumir aquí; iso é o que aproveita do bravú a nova escena musical galega".

A xornalista María Yáñez, daquela directora do portal *Bravú.net*, fala da "confluencia inevitábel entre o aúxe do folk e a cultura rock" que desembocou no movemento. "Nos anos 90, en Galicia, o folk e o punk tiñan o mesmo público", asegura. Yáñez lembra "o labor teórico de Xurxo Souto" que armou "un colorario de ideas que axuntou persoas das

vilas, dos barrios, das aldeas" e potenciou "a cuestión da autoestima e un certo proceso de descolonización mental". "Para min, o *grunge*, Tarantino e Os Diplomáticos estaban, en 1994 ou 1995, no mesmo barco", conclúe.

O bravú comezou a esmorecer antes da mudanza de século. Aquel "vive ás presas e morre mozo" do tópico rock semellou guiar a experiencia *rururbana* do bravú. O "bonito cadáver" que coroa o axioma semella fóra de discusión. Os consultados coinciden en rescatar o legado fonográfico da xeración. Noel Feáns analiza con contundencia: "Absolutamente todos os discos bravú parécenme imprescindíbeis, de *Érguete!* de Xenreira a *Avante toda!* d'Os Diplomáticos, de *Galician people speak galego* de Yellow Pixoliñas a *O verme homicida* de Skornabois". Para María Yáñez, o terceiro traballo de Diplomáticos, *Avante toda!*, condensou a madurez da xeira bravú. O escritor Santiago Jaureguizar, cabeza visíbel do que quixo denominarse "literatura bravú", comenta como adoito regresa aos longos de Rastreros, Diplomáticos ou Skornabois. O propio Xurxo Souto enorgullécese do realizado: "O bravú demoleu apriorismos e deixou á vista que se pode facer algo con personalidade desde a periferia da periferia". "O bravú rematou porque se perdeu a tensión inicial", segue Souto. Para María Yáñez, nada dura toda a vida. Pero Iago Martínez fala da non viabilidade dun proxecto cultural en Galicia que non conte coa importancia das cidades.